



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400ª

PROVIDENCIA DA ALCALDÍA

Mediante acordo plenario de data 27/01/2022, acordouse a participación no “Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de concellos) POS+2022” da Deputación Provincial da Coruña, incluíndo o Plan Complementario, no que se se recollía/prevía a obra á que se refire o proxecto denominado “MELLORA DA PAVIMENTACIÓN DOS CAMIÑOS EN SEIXAS”, aprobándose, así mesmo, este último.

Con data 29/06/2002 confirmouse polo concello a inclusión do citado investimento no POS+ Adicional 2/2022.

O presidente da Deputación Provincial da Coruña, mediante a Resolución número 2022/40603, do 29/09/2022, declarou cumprida a condición de existencia de remanentes xerados pola maior achega provincial, mediante o Expediente de modificación de créditos (EMC) 2/2022 que se aprobou polo Pleno da deputación na sesión do 25/03/2022 e que entrou en vigor o 26/04/2022 coa publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia e en consecuencia, considerou aprobada a primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) POS+ Adicional 2/2022 por maior achega provincial, no marco das Bases reguladoras modificadas do POS+ 2022, que foron aprobadas mediante acordo plenario do 27/05/2022 e publicadas no BOP núm. 102 do 31/05/2022 para engadir a base 13 que regula o POS+ Adicional 2/2022 para o financiamento de investimentos financeiramente sostibles.

As Bases reguladoras modificadas foron aprobadas definitivamente mediante novo acordo plenario adoptado na sesión ordinaria realizada o 23/06/2022. Nesta primeira fase do POS+Adicional 2/2022 inclúense as solicitudes presentadas polos concellos no primeiro prazo establecido ata o 30 de xuño de 2022, para destinar a maior cantidade asignada a cada un deles para o financiamento de investimentos xa previstos no Plan Complementario ao POS+ 2022 Base, aprobado inicialmente mediante acordo plenario provincial do 23/06/2022 e que tras ser sometido a exposición e información pública mediante a publicación dun anuncio no BOP núm. 121 do 28/06/2022 e enviado á Administración estatal e autonómica, foi aprobado definitivamente mediante novo acordo plenario adoptado na sesión realizada o 29/07/2022.

Na Circular sobre a aprobación da 1ª Fase do POS +Adicional 2/2022 inclúese a obra á que se refire a presente.

O referido Plan Provincial establece que os concellos contratarán os investimentos de acordo coa Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (en diante, LCSP), e que para dita contratación han de empregarse os “*Pregos- tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer a contratación das obras comprendidas nos Plans Provinciais da Excm. Deputación Provincial*”, aprobados polo Pleno da Deputación en sesión celebrada o 26/02/2021, sendo os procedementos a empregar o “*aberto*”, “*aberto simplificado*” ou “*aberto simplifícadísimo*”.

Considerando que se ten xustificando a necesidade do presente contrato, art. 28 da LCSP, e os extremos esixidos polo art. 116.4 da citada norma, en sendos documentos asinados/subscritos por esta Alcaldía.

Considerando o establecido nas bases que regulan o POS+2022 e as instrucións dadas polas Depuración Provincial en distintas circulares para a contratación das obras de



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400ª

referencia, así como o disposto nos arts. 116, 131, 156 e seguintes e 159 da LCSP, é polo que DISPOÑO:

Primeiro.- Incorporar ao expediente de contratación a “*memoria xustificativa*” subscrita por esta Alcaldía na que se acredita xustifica a necesidade deste contrato, arts. 28 e 116 da LCSP.

Incorporar ao expediente de contratación o documento subscrito por esta Alcaldía no que se xustifican os extremos esixidos polo art. 116.4 da LCSP.

Segundo.- Iniciar, de conformidade co previsto nos arts. 116, 131, 145 e 159 da LCSP, o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado (mediante a aplicación de fórmulas: oferta económica e porcentaxe de mulleres en relación coa plantilla global da empresa) e tramitación ordinaria, para a adxudicación da obra a que se refire o proxecto denominado “MELLORA DA PAVIMENTACIÓN DOS CAMIÑOS EN SEIXAS”, incluída no Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) da Deputación Provincial da Coruña, POS+ADICIONAL 2/2022, 1ª fase, segundo o proxecto técnico redactado polo arquitecto, D. Gonzalo García Martínez (ARQUB 27 ESTUDIO.) e cuxo orzamento base de licitación é de 52.927,08 € (43.741,39 € base imponible + 9.185,69 € de 21% de IVE) e valor estimado do contrato de 43.741,39 €.

Terceiro.- Que se incorpore ao expediente o preceptivo certificado de existencia de crédito.

Cuarto.- Que se incorpore ao expediente o “*Prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto simplificado (mediante a aplicación de fórmulas) das obras comprendidas nos Plans Provinciais e outras obras provinciais*”, aprobados polo Pleno da Deputación en sesión celebrada o 26/02/2021, incluíndo os seus anexos.

Quinto.- Que a secretaría e a intervención municipal emitan os correspondentes informes preceptivos esixidos pola LCSP.

Sexto.- Evacuados os trámites anteriores déseme conta.

Malpica de Bergantiños, asinado dixitalmente na data que figura ao marxe

O alcalde,

Asdo.: Eduardo J. Parga Veiga